

## NORMAS DE USO E FUNCIONAMENTO DO ESTACIONAMENTO

### **ARTIGO 1. DECLARACIÓNS XERAIS**

1. Estas normas son de cumprimento obrigatorio para os clientes, empregados e persoas que estean no interior do estacionamento ou nos seus accesos.
2. A empresa titular/concesionaria/xestora do estacionamento (de aquí en diante, «a Empresa») garantirá o cumprimento das presentes normas, así como da lexislación vixente de estacionamentos e de tránsito de vehículos, e informará á autoridade competente de calquera transgresión destas normas. Os clientes tamén deben respectar e cumprir as indicacións dos empregados destinadas a garantir o cumprimento destas normas.
3. A autoridade competente poderá entrar no interior do estacionamento, por motivos xustificadas, a requirimento da Empresa.

### **ARTIGO 2. USO DO ESTACIONAMENTO**

1. O estacionamento é de carácter público.
2. O estacionamento ofrece prazas de rotación e de aboamento, alén de prazas de cesión de uso, en función do estacionamento.
3. As prazas de estacionamento asignaráselles aos automóviles por orde de chegada, agás que nalgún momento se poidan establecer restricións por necesidades ou características do servizo. As motocicletas e as bicicletas só poderán estacionar nas prazas indicadas para este tipo de vehículos e aboarán a tarifa establecida.
4. Destinarase un número de prazas para a utilización de vehículos de persoas con mobilidade reducida.
5. Dentro do estacionamento non está permitido:
  - a) O acceso de vehículos de altura, peso ou dimensións superiores aos indicados, ou que polas súas dimensións poidan obstaculizar o normal funcionamento do estacionamento. En ningún caso se lle permitirá o acceso ao estacionamento a vehículos cun peso total superior ás dúas (2) toneladas, agás en estacionamentos habilitados para tal efecto.
  - b) O acceso de toda persoa allea aos servizos do estacionamento.
  - c) A entrada de animais de calquera tipo, agás as mascotas atadas en condicións de seguridade.
  - d) A introdución de materias combustibles, inflamables ou perigosas, agás o contido normal de carburante do depósito dos vehículos.
  - e) A venda, permuta ou simple oferta ambulante.
  - f) A circulación de peóns polas ramplas. Os peóns deberán empregar obrigatoriamente as escaleiras, ascensores ou laterais habilitados para o seu uso.
  - g) Prender lume e fumar.
  - h) Entrar nas oficinas ou nas instalacións sen a debida autorización.
  - i) A entrada de vehículos e/ou condutores potencialmente perigosos.
  - j) A obtención de fotografías/gravacións das instalacións sen a pertinente autorización previa.
  - k) A utilización dos servizos públicos sen ser cliente do estacionamento.
6. En horarios de pouca demanda, por seguridade, poderanse restrinxir os accesos de vehículos e peóns mediante portas de peche que disporán dos sistemas necesarios de chamada e apertura aos clientes, e que permitirán a saída libre dos clientes de forma permanente, de conformidade coa normativa vixente.

### **ARTIGO 3. ENTRADA, CIRCULACIÓN E ESTACIONAMENTO**

1. Para poder entrar no estacionamento co vehículo, cumprirá retirar o tícket horario que expenderá a máquina e no que figurarán o día e a hora de entrada, e o marcador/matricula que permita identificar o vehículo. O cliente debera conservalo nas debidas condicións e, por razóns de seguridade, levalo sempre enriba. O uso indebido dun tícket para sacar do estacionamento un vehículo que non se corresponda co marcador/matricula considerárase fraudulento. A entrada con sistema de telepeaxe rexeráse polo establecido no artigo 10 das presentes normas.
2. Os vehículos aboados deberán empregar os medios detallados no artigo 7 seguinte.
3. Dentro do estacionamento e nos seus accesos, o cliente deberá respectar:
  - A) As normas de circulación e preceptos legais ou regulamentarios que poidan ser de aplicación.
  - B) A sinalización do tránsito.
  - C) As indicacións dos empregados do estacionamento ou aquelas que se transmitan mediante carteis.
  - D) As presentes normas.

4. Cando o vehículo estea estacionado, o condutor deberá apagar o motor e deixar posto o freo de man. Deixará o vehículo pechado con chave. No estacionamento non existe servizo de recollida de chaves.
5. Non se permiten adiantamentos e a velocidade máxima será de 10 km/hora.
6. En caso de avaría, o cliente deberá seguir as instrucións dos empregados do estacionamento.
7. Os clientes limitarán a súa presenza no estacionamento ao tempo necesario para estacionar e retirar o vehículo.
8. O cliente deberá satisfacer, antes de retirar o vehículo, o importe da súa estancia horaria segundo as tarifas vixentes.
9. A perda do ticket comportará que o cliente, para retirar o seu vehículo, se identifique, acredite a propiedade/posesión do vehículo, e aboe a estancia real.
10. O cliente poderá exixir o recibo xustificante do pagamento da estancia. Ademais, poderá exixir, para o exercicio de calquera dereito de natureza tributaria, a factura simplificada de conformidade co establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que rexe as obrigas de facturación.
11. A Empresa ten poder léxítimo para proceder á retirada de vehículos en casos de abandono, recorrendo ao procedemento previsto no artigo 6 da Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do contrato de estacionamento de vehículos.
12. Cando remate ou fiquen sen efecto o contrato de aboamento, o cliente estará obrigado a retirar o seu vehículo. No caso de que a estancia exceda a duración/horario do aboamento, o cliente deberá satisfacer a contía deste exceso de acordo coas tarifas de rotación vixentes.

#### **ARTIGO 4. TARIFAS**

1. As tarifas vixentes no réxime de rotación están expostas nos accesos.
2. As tarifas de aboados estarán ao dispor dos clientes nas oficinas de atención ao cliente do estacionamento ou a través do Servizo de Atención ao Cliente da Empresa.
3. Por motivos de seguridade, os empregados da Empresa poderán requirirle ao cliente cando estea no interior do estacionamento que lles amose o ticket de estacionamento ou a tarxeta de identificación de aboadado/cesionario de uso.
4. Un vehículo que ocupe máis dunha praza sinalizada deberá aboar a súa estancia en función da súa ocupación real.
5. O titular do estacionamento poderá exercer o dereito de retención en garantía do prezo do estacionamento segundo lle concede a Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do contrato de estacionamento de vehículos, alén de utilizar as vías de constrinximento que lle concede a lexislación vixente.

#### **ARTIGO 5. DANOS**

1. O cliente será o responsable de retirar do vehículo os accesorios non fixos e que sexan extraíbles, como teléfonos móbiles e outras pertenzas, sen que se lle atribúa ningunha responsabilidade por este concepto á Empresa de acordo cos termos da Lei 40/2002, de 14 de novembro de 2002, reguladora do contrato de estacionamento.
2. O cliente ten a obriga de lle comunicar aos empregados do estacionamento, de forma inmediata e antes de saír del, os danos e perdas que lle puido ocasionar ao propio estacionamento ou a outros clientes. Igualmente lle deberá comunicar os danos que sufra o seu vehículo dentro do estacionamento. No caso de que os danos se deban a un roubo-espoliación, cumprirá tramitar a correspondente denuncia previa ante as forzas de seguridade competentes.
3. A Empresa ten asegurado contra incendios e responsabilidade civil tanto o estacionamento coma os vehículos que estean no seu interior para cubrir as posibles responsabilidades que se poidan derivar de acordo coa lexislación.

#### **ARTIGO 6. RECLAMACIÓNS**

1. Existe un libro ou follas de reclamacións á disposición dos clientes na oficina do estacionamento. Na súa falta, o cliente poderá solicitarlle as follas de reclamacións á Empresa, a través dos medios habilitados para tal efecto.

#### **ARTIGO 7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO PARA OS CLIENTES EN RÉXIME DE ABOAMENTO**

1. Os clientes en réxime de aboamento ocuparán as prazas que se lles asignen por razóns funcionais e operativas da Empresa.
2. O aboamento dálle dereito a empregar o estacionamento exclusivamente ao vehículo que figure no rexistro de inscrición do aboamento e non a outro vehículo diferente.
3. Calquera variación nos datos persoais deberá serlle comunicada á Empresa.
4. É de uso obrigado a utilización da tarxeta codificada o ou OBE vencellado ao aboamento para entrar e saír do estacionamento. A emisión da tarxeta ou a súa substitución por perda, deterioro, etc. implica o pagamento dos custos de emisión fixados pola Empresa en cada momento. A vinculación do OBE non ten custos asociados.
5. A utilización do estacionamento fóra dos horarios de aboamento concertados comportará satisfacer o tempo excedido ao prezo da tarifa vixente en réxime de rotación e pagamento horario.
6. A perda da tarxeta de aboadado deberáselle comunicar á Empresa.
7. O pagamento das cotas de aboados farase segundo as indicacións da Empresa.
8. A resolución do aboamento deberá comunicarse por escrito como máximo até o día 25 do mes en curso.

9. A Empresa, en caso de incumprimento, terá dereito a resolver o aboamento previa comunicación por escrito ao cliente. Igualmente, en caso de incumprimento por parte da Empresa, o cliente poderá resolver o contrato de aboamento previa comunicación por escrito.

10. A relación entre o aboado e a Empresa rexeráse polas normas reguladoras do réxime de aboados que estean vixentes en cada momento.

#### **ARTIGO 8. NORMAS DE FUNCIONAMENTO PARA OS CLIENTES DE CESIÓN DO DEREITO DE USO**

1. Os clientes en réxime de Cesión de Uso ocuparán a praza fixa acordada nos seus respectivos contratos.
2. A cesión do dereito de uso permítelles aos seus titulares empregar o estacionamento exclusivamente ao vehículo que figure no rexistro de inscrición e non a outro vehículo diferente.
3. É de uso obrigado a utilización da tarxeta codificada ou o OBE vencellado á cesión de uso para entrar e saír do estacionamento. A emisión da tarxeta ou a súa substitución por perda, deterioro, etc. implica o pagamento dos custos de emisión fixados pola Empresa en cada momento. A vinculación do OBE non ten custos asociados.
4. O horario de uso do estacionamento é ilimitado.
5. A perda da tarxeta de cesionario do dereito de uso deberáselle comunicar á Empresa.
6. Deberán satisfacer as cotas que lles correspondan para o pagamento dos gastos comúns.

**ARTIGO 9. LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS.** De acordo co que establece a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de 1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos para a prestación do servizo de estacionamento, incluídas as imaxes obtidas polos sistemas de videovixilancia/captación de matrículas dos vehículos e os datos subministrados polos aboados, incorporaranse a un ficheiro titularidade da Empresa, coa finalidade de xestionar a prestación do servizo de estacionamento, e os clientes titulares dos mencionados datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición pódose en contacto con Saba Aparcamientos S.A. Avda Parc Logistic 22-26, 08040 de Barcelona (ref. datos persoais).

#### **ARTIGO 10. ENTRADA E PAGAMENTO DO ESTACIONAMENTO MEDIANTE TELEPEAXE**

1. Nos estacionamentos que teñan instalado e sinalizado o sistema de telepeaxe «Via T», os clientes poderán efectuar a entrada e/ou o pagamento mediante este dispositivo. Nos casos nos que estea implantado na entrada e saída do estacionamento, o «Via T» pode empregarse cos servizos ofrecidos (por ex., aboados) sen custos engadidos.
2. Para esta finalidade, o cliente deberá levar o OBE debidamente instalado no vehículo no momento de entrar e/ou abandonar o estacionamento. Na entrada, o sistema de control realizará o recoñecemento do «Via T» e abrirá a barreira de entrada, sen que o cliente teña que recoller tícket nin introducir a tarxeta de aboado no poste de entrada. Na saída, o sistema de control realizará a valoración da estancia ou identificará o cliente e permitirá a saída do vehículo.
3. O pagamento da estancia efectuarase a través do sistema de telepeaxe «Via T». Aos clientes en réxime de aboamento a tempo parcial se lles facturarán os excesos de tempo a través do «Via T».
4. Existen produtos de aplicación exclusiva para estancias realizadas mediante «Via T».

#### **ARTIGO 11. MODIFICACIÓN DAS NORMAS**

A Empresa poderá modificar as presentes normas cando o considere axeitado para o mellor funcionamento do estacionamento e está obrigada a publicar estes cambios para o debido coñecemento dos clientes.